# Ollos Azuis




Chámome Xosé, teño 11 anos, e vou dicir todo o que me ocorreu durante estes últimos días antes de ir para o internado.

Eu era de familia pobre, meu pai era tendeiro e miña nai non traballaba. Na escola era bo estudante, non tiña queixa.

Un día pola noite cando estabamos ceando miña nai e máis eu, entrou meu pai pola porta borracho. Miña nai púxose moi triste, e mandoume para a cama. Eu, dende o meu cuarto oín como discutían meus pais, e ata miña nai choraba, non sabía porqué.

Á mañá seguinte cando me levantei para ir á escola, miña nai tiña toda a cara chea chea de mazaduras; supuxen que lle pegara meu pai, pero non lle quixen dicir nada. Fun para a escola e botei toda a mañá pensando na miña nai.

Cando volvía para a casa, e ía subindo as escaleiras, meu pai marchaba a toda présa e nin me saudou. Eu non lle dei importancia, pero cando entrei na casa, vin que estaba todo revolto. Asusteime moito e chamei por miña nai, pero ela non me contestaba. De súpeto, vina alí, tirada no chan, coa roupa esgazada e con moito sangue arredor.

Fun onda ela correndo, e díxenlle se estaba ben, ela mirou para min, e cunha voz moi baixiña díxome que me quería. Eu botei a chorar, suplicándolle que non morrese, pero cando me quixen dar conta, xa tiña a mirada perdida, e eses ollos azuis tan bonitos, abertos coma pratos; nunca os olvidarei.

Pero agora só quero unha cousa: que meu pai se pudra no cárcere.



Alicia Iglesias Feijó 3ºB ESO